

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

RESOLUCIÓN do 19 de febreiro de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo suscrito polas partes asinantes do Convenio colectivo do sector da lousa das provincias de Ourense e Lugo relativo á aprobación da táboa salarial para o ano 2013.

Visto o texto do acordo suscrito con data do 30 de xaneiro de 2013 entre o representante de FITAG-UGT-Galicia, José Paradelo Arias, e o vicepresidente e representante da Asociación Gallega de Pizarristas, Jesús Vidal Corcoba, asinantes do convenio colectivo do sector da lousa das provincias de Ourense e Lugo, relativo á aplicación da revisión salarial para o ano 2013, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social,

ACORDA:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2013

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Traballo e Economía Social

ANEXO

Os salarios establecidos no grupo 5º para rachador, cortador, embalador e descargador de carros aplicaranse a aqueles traballadores que leven seis meses no desempeño do oficio; ata tal data o seu salario será o establecido para o auxiliar de oficios. Así mesmo, o



salario establecido para o labrador aplicarase a aqueles traballadores que leven máis de dous anos no desempeño do oficio, xa que até un ano o seu salario será o establecido para un cortador e dun a dous anos o seu salario será o seguinte: salario base: 33,10 euros, complemento de asistencia: 13,98 e salario/mes: 1.286,58 euros.

O establecido neste número sobre salarios supón a aplicación dos respectivos grupos de cotización á Seguridade Social, en función del.

Os traballadores menores de 17 anos e os de 17 anos terán, respectivamente, os salarios seguintes: salario base 30,86 e 31,14 euros, complemento de asistencia: 2,65 e 4,06 euros, salario/mes: 981,45 e 1.019,46 euros.

Táboa salarial do convenio colectivo da lousa do ano 2013

Grupo prof.	Sal. base	Compl. asis. d/t	Salario/mes	G.C.
Licenciados	34,47	20,73	1.469,43	1
Enx. superiores	34,47	20,73	1.469,43	1
Enx. técnicos	34,37	20,31	1.457,61	2
Graduados sociais	34,37	20,31	1.457,61	2
Topógrafo	34,37	20,31	1.457,61	2
Dtres. áreas e serv.	34,25	19,66	1.440,36	3
Delineante	34,18	19,3	1.430,7	3
Práctico topógrafo	33,77	17,3	1.376,4	4
Axte. delineante	33,77	17,3	1.376,4	4
Tec. administración	34,18	19,3	1.430,7	5
Oficial adtvo. 1ª	34,01	18,68	1.412,58	5
Oficial adtvo. 2ª	33,77	17,3	1.376,4	5
Auxiliar adtvo.	33,57	16,24	1.348,14	7
Encargados	33,77	17,3	1.376,4	3
Mecánicos	33,57	16,24	1.348,14	8
Electricistas	33,57	16,24	1.348,14	8
Soldadores	33,57	16,24	1.348,14	8
Fontaneiros	33,57	16,24	1.348,14	8



Grupo prof.	Sal. base	Compl. asis. d/t	Salario/mes	G.C.
Albaneis	33,57	16,24	1348,14	8
Auxi. oficios	32,63	11,66	1.223,76	10
Encargados	33,77	17,3	1.376,4	3
Chofer	33,57	16,24	1.348,14	8
Operador de pá	33,57	16,24	1.348,14	8
Barrenista/art.	33,35	15,21	1.319,91	8
Auxi. oficios	32,63	11,66	1.223,76	10
Encargados	33,77	17,3	1.376,4	3
Carretilleiro	33,35	15,21	1.319,91	8
Operadores de guind.	33,35	15,21	1.319,91	8
Serrador	33,35	15,21	1.319,91	8
Labrador	33,35	15,21	1.319,91	8
Rachador	32,91	12,84	1.256,94	9
Cortador	32,91	12,84	1.256,94	9
Embalador	32,91	12,84	1.256,94	9
Distrib. ración	32,91	12,84	1.256,94	9
Desc. carros	32,91	12,84	1.256,94	9
Limpadora	32,63	11,66	1.223,76	10
Auxi. oficios	32,63	11,66	1.223,76	10

